

PRIMEIRO, SEGUNDO, TERCEIRO MUNDO. ¿A QUE MUNDO PERTENCEMOS?

Luis Carlos Cachafeiro Chamosa

Esta pregunta parece innecesaria pois non debía de haber dúbida de que estamos en Europa e polo tanto estamos no primeiro mundo. Isto faise evidente se ollamos para os parámetros estándar como PIB, número de teléfonos e tamén porcentaxe de individuos no umbral de pobreza, tipo de enfermidades, servicios públicos pois, pese o atraso coa maioría dos países europeos, estamos moi lonxe dos países do terceiro mundo. Polo tanto parece claro en cal dos mundos estamos.

Chamoume a atención que nos últimos meses escoitara tres informacións respecto o medio ambiente que me fixeron reflexionar sobre a pregunta inicial. Un familiar que acababa de viaxar a Perú

informábase da enorme extensión das plantacións

de eucaliptos no Perú e que o comparou ás dos nosos montes. Un visitante inglés díxome que a nosa paisaxe lembroulle a Zimbabue, onde estivo vivindo un ano -¿por que pregunteille? - "As aldeas rodeadas de eucaliptos" díxome. O día 27 de febreiro pola noite aparecía no segundo canal de TVE unha reportaxe sobre os movementos progresistas en diversas partes do mundo. Unha parte estaba adicada ó movemento ecoloxista en Kenia e mencionaron como un dos problemas que teñen, a extensión das plantacións de eucaliptos. Esas plantacións de eucaliptos foron planificadas durante a etapa colonial británica e hoxe en Kenia queren recuperar o bosque tradicional.

Esto fíxome lembrar que fora de Galiza e en Europa non atopamos plantacións de eucaliptos, agás algunhas zonas cada vez máis cativas da península ibérica. ¿Por que?, ¿serán pouco prácticos os europeos?. Decateime do custe ecolóxico que hoxe soporta o noso país e que atopamos tamén na degradación dos montes e espazos naturais. Podemos lem-

brar o interese dos presidentes das comunidades autónomas por reservar o seus espazos naturais como as Hoces do río Cabriel ou a cabeceira do río Lozoya e que, a pesar do seu custo, foron asumidas polo MOPU. ¿Podería verse ó noso Presidente adiar a construción dunha autovía ou modificar o trazado do ferrocarril para protexer unha zona natural. Non mo parece.

Vemos o deterioro ambiental noutras moitas partes do noso país. A degradación dos ríos causadas polos verquidos e os embalses, dos que a provincia de Ourense ten o maior número deles do Estado e dun tamaño considerable, que alteran a canle dos ríos e xeneran riqueza en Madrid pero

aquí non dan nin traballo. A degradación das rías, a contaminación mineira e industrial, como a das térmicas de lignito, os vertedoiros incontrolados, os miles de regatos por onde circulan augas residuais mostran unha consideración nula polo medio ambiente.

Atopámonos nunha situación con-

prosperidade económica e a calidade de vida no futuro.

¿Que actuacións, individuais e colectivas, están a promocionar a degradación do medio ambiente?. Sen necesidade de facer un estudio moi detallado, observamos distintos comportamentos que inciden nesa degradación. Por unha parte están os dos que realizan as agresións, moitas delas absurdas, como a destrución das pozas dun río a base de dinamita. Pola nosa forma de ser "¿quen son eu para dicirle a un veciño que??" vemos que a maioría da poboación, por acción ou omisión, é tolerante co grupo anterior. O terceiro grupo fórmano as autoridades e a policía. Hai datos que confirman a diferenza de atención das autoridades do Estado ós problemas medioambientais de Galiza e ós do resto. A sensibilidade ambiental do goberno galego e dos concellos é, na maioría dos casos, ínfima. O Trial de Silleda é un paradigma da imbecilidade dun político. Podémolo comparar cos alcaldes do Pirineo que decidiron cobrar un canon de 500 pta a quen visite os seus montes. Con este imposto, amais de reducir o impacto do turismo axúdalles á conservación.

Todos debemos abandonar esa actitude de comprensión e tolerancia coa agresión. Non hai outro camiño que considerarmos responsables de evitalas, pois se isto non se para camiñamos cara o embruteceamento a incapacidade de vivir nun

entorno digno. Por motivos de dignidade e cultura debemos conservar o entorno. Pero tamén por motivos de rendibilidade, cecais non inmediatamente pero si a medio prazo, tamén interesa parar a agresión ambiental que está a meter ó país nun terceiro mundo.

**TODOS DEBEMOS ABANDONAR
ESA ACTITUDE DE COMPRESIÓN E
TOLERANCIA COA AGRESIÓN**



Foto: Pepe Salvadores

tradictoria. Mentres que por unha parte estamos, a pesar dos moitos problemas económicos do país, situados no primeiro mundo, pola outra estamos moi lonxe deste nunha parte fundamental como é o respecto polos valores sociais, culturais e ambientais. Estes elementos serán esenciais para a